



CIRCULAR 105-2019. **II CONTROL INVERNO FGA PISTA CUBERTA**

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1). A Federación Galega de Atletismo organiza o II Control en Pista Cuberta o día 29 de decembro de 2019, na pista cuberta de Ourense en Expourense.

Art.2). Horario Provisional, a falta do peche de inscricións.

HORA	PROBA	CATEGORÍAS	SEXO	LÍMITE PARTICIPACIÓN
10:30	1000	Sub 10-12-14-16	Homes	60
10:30	Pértega	Sub 14 ata Master	Homes - Mulleres	15
11:05	1000	Sub 10-12-14-16	Mulleres	60
11:45	800	Sub 18 ata Master	Homes	8
11:55	800	Sub 18 ata Master	Mulleres	8
12:10	1500	Sub 18 ata Master	Homes	11
12:20	1500	Sub 18 ata Master	Mulleres	11
12:30	400	Sub 18 ata Master	Homes	12
12:45	400	Sub 18 ata Master	Mulleres	12
13:00	60	Sub 12ata Master	Homes	72
13:30	Peso	Sub 18 ata Master * (5-6-7,260)	Homes	8
13:45	60	Sub 12 ata Master	Mulleres	72

*6 intentos (o concurso será soamente cos artefactos de 5,6 e 7,260)

Cadencia Pértega Homes: 2,81-3,01-3,21-3,41-3,61-3,81-4,01-4,16-4,31 10/10

Cadencia Pértega Mulleres: 2,21-2,41-2,61-2,81-3,01-3,21-3,41-3,61-3,81-4,01-4,16-4,31 10/10

Non será aplicada ningunha normativa particular na categoría Master.

No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme ao actual ranking galego 2018 – 2019 na proba específica. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, terán preferencia segundo a orde de inscrición.

Cada atleta poderá inscribirse nas probas que desexe. No caso de que non participe nalgunha delas, a sanción será de 3 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.4). Poderán participar todos os/as atletas federados/as que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2018/19) por algún Club pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubs doutras Comunidades Autónomas.
- O resto de atletas con ficha por outra Federación e noutros clubs non pertencentes a Federación Galega de Atletismo ou atletas independentes galegos/as

Art.5). As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do xoves 26 de decembro.

A inscrición por cada atleta terán un custe de 3€ e será cargada á conta do club pola Federación Galega de Atletismo e de 5€ para os/as atletas con licencia por outra comunidade autónoma.

Non se admitirán inscricións fora de prazo.

Art. 6). Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición ata 50 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do/a atleta.

Art.7). Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.8) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo coas normas da F.G.A, R.F.E.A. e I.A.A.F.

A Coruña, 20 de decembro de 2019



FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO

Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña Tel. 981 291 683
www.atletismogalego.org
www.carreirasgalegas.com

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo